

**XORNADA DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE A ENSINANZA RELIXIOSA  
CARTA DOS BISPOS DE GALICIA. 2019**

**Benqueridos Pais/Nais.**

Un ano máis dirixímonos a vós e a toda a comunidade cristiá co gallo da Xornada Diocesana sobre a Ensinanza Relixiosa na Educación. En datas próximas teredes que decidir sobre a petición da Ensinanza Relixiosa Católica para os vosos fillos nos centros escolares. Os Bispos da Igrexa en Galicia queremos lembraros algunhas cousas fundamentais respecto á presenza da relixión no sistema educativo.

**1.-** É un dereito exclusivo voso, pais e nais. Na educación dos vosos fillos sodes vós os que tendes ese dereito. Así os recoñecen a Constitución Española (art. 27,3), os Acordos Internacionais entre a Igrexa e o Estado español (art. 1,1) e todas as leis educativas implantadas en toda Europa.

**Vos debedes orientar a educación dos vosos fillos. É un dereito fundamental voso.**

**2.-** A asignatura de relixión na escola no é unha concesión benévola dun Goberno. Todo goberno e as institucións educativas, sociais e sindicais deben respectar o dereito dos pais a que os seus fillos sexan educados segundo as súas conviccións relixiosas e morais.

**Este dereito debe ser recoñecido e aceptado, e ha de ser garantido o seu cumprimento.**

**3.-** Sen dubida están surdindo voces contra a presenza da relixión no sistema educativo. Algúns están interesados en non darlle cabida no ámbito educativo. Certamente hai que suliñar que a ensinanza relixiosa axuda á formación integral da persoa.

**Ante determinados plantexamentos tedes que favorecer a auténtica educación dos vosos fillos.**

**4.-** A finalidade da educación relixiosa escolar pretende axudar os vosos fillos a: desenvolver unha formación integral, proporcionar criterios e valores cristiáns que configuren a súa personalidade descubriendo o sentido da vida, favorecer a relación entre a fe e a cultura nunha visión cristiá da vida, capacitar para o diálogo respectuoso e constructivo con outras tradicións relixiosas, ofrecer, en diálogo coas demais materias, a resposta cristiá ás grandes preguntas da vida e dar a coñecer a Xesucristo e a súa Igrexa.

Consideramos que a formación relixiosa escolar é unha aportación necesaria para unha mellor educación dos vosos fillos. Certamente é sempre una opción libre.

**!Tratade de que medren con unha cultura impregnada da formación relixiosa católica!**

**5.-** Hoxe queremos facervos unha chamada á vosa responsabilidade educativa. Procurade solicitar a ensinanza da Relixión Católica para os vosos fillos nos centros educativos. É unha consecuencia do compromiso cristiá que asumíchedes no bautismo dos vosos fillos.

**!Solicidade libre e responsablemente a ensinanza relixiosa para os vosos fillos!**

**6.-** É necesario que, desde as nosas comunidades, demos un impulso á educación cristiá. O gran esforzo hai que orientalo a que a familia, a parroquia e a escola traballen en colaboración para unha mellor educación. Co noso agradecemento e apoio aos cregos, aos pais e profesores que entregades xenerosamente o mellor de vós na educación dos vosos fillos e alumnos, bendecímosvos con afecto no Señor e vos encomendamos nas nosas oracións.

+ Julián. Arzobispo de Santiago. + Luis. Obispo de Tui-Vigo. + Alfonso. Obispo de Lugo. + José Leonardo. Obispo de Ourense. + Luis Ángel cmf. Obispo de Mondoñedo-Ferrol. + Jesús. Obispo Auxiliar de Santiago.